

# MANUEL MARÍA

## 2016

Con ocasión do Día das Letras Galegas 2016 dedicado a Manuel María, o Concello de Lugo, tendo en conta a importancia literaria deste gran poeta, e tamén a súa especial vinculación á nosa cidade, pon en marcha unha xeira de actividades que se desenvolverán ao longo de todo ano, e con especial intensidade durante o mes de maio.



**14 DE ABRIL, xoves**

*Polo correo do vento*. Homenaxe a Manuel María. Animación á lectura e contacontos, ás 18:30 na Biblioteca Municipal.

**22 DE ABRIL, venres**

Función familiar do grupo Lucecús, *A verdadeira historia de Manuel de Paderna*, sobre textos de Manuel María, no Auditorio Municipal.

**23 DE ABRIL, sábado**

Día do Libro. Quedada para ler poemas Lectura colectiva de poemas de Manuel María, ó longo do día, xunta a Casa do Concello.

## MAIO DE MANUEL MARÍA

### #17 POEMAS DE MANUEL MARÍA

Durante o mes de maio, todas as persoas poderán ler unha selección de 17 poemas de Manuel María nos 50 autobuses urbanos de Lugo, en carteis colocados no interior. Ademais, con eses poemas imprimíranse 17.000 marcadores de lectura que poderán levar as viaxeiras e viaxeiros.

Ademais, e tamén durante todo o mes de maio, eses mesmos 17 poemas estarán colocados en 17 mupis por toda a cidade.

### MANUEL MARÍA POLA LINGUA

Edición e distribución masiva dun díptico que contén un dos máis fermosos entre os moitos poemas de Manuel María dedicados á nosa lingua, publicado no seu libro *As rúas do vento ceibe e que comeza O idioma é a chave / coa que abrimos o mundo*.

**Xoves 5 maio 20:00**

Presentación e exhibición dun DVD sobre Manuel María no MIHL.

## MAIO DE MANUEL MARÍA PARA A INFANCIA

organizado pola Biblioteca Municipal

**Sábado 7 ás 12:00 no MIHL:**

*Obradoiro Ilustrando Os sonhos na gaiola*, por Noemí López (ilustradora da última edición deste libro)

**Xoves 12 ás 18:30 na Biblioteca:**

*Barriga verde e o Muíño da Néboa*, por Títeres Cascanueces

**Xoves 19 ás 18:30 na Biblioteca:**

*Nola e María na Terra Chá*, por Sarabela Teatro

## 17 DE MAIO Día das Letras Galegas

Concerto das Letras Galegas polo Conxunto Vocal Lugh, dirixido por Fernando Gómez Jácome. Cantarán, entre outras, algunha canción de Manuel María polo centro da cidade, a partir das 13:00

**Recital homenaxe dos poetas da revista Xistral, na Casa do Concello**

*A revista Xistral foi fundada en 1949 polo noso poeta e mais por Manuel Antonio Sopena, e daquela só se publicaron dous números que, por poucos que fosen, tiveron a súa importancia naqueles escuros anos da Longa Noite de Pedra. Desde o ano 2000, e empezando a serie co número 3, o Concello de Lugo, por concesión de Manuel María, publica cada ano un novo número da revista Xistral.*

**5 DE XUÑO, domingo  
Día do Medio Ambiente**

Dada a gran presenza dos temas medioambientais na obra de Manuel María, este ano celebraremos o Día do Medio Ambiente con dúas homenaxes ó noso poeta:

Rota xeoliteraria *Manuel María*, os ríos e a paisaxe, por Olho de Sapo. Percorrido por

espazos próximos á cidade de Lugo evocados nos seus poemas, principalmente o río Miño.

No Parque da Milagrosa, e logo brevemente na rúa Manuel María, recital de poemas seus sobre a natureza (árbores, plantas, animais, lugares senlleiros, proclamas ecoloxistas...). Por nenos e nenas e tamén por persoas maiores. A actividade será preparada o xoves día 2 na Biblioteca Municipal.

**26 DE SETEMBRO  
Día Europeo das Linguas**

Na Casa das Linguas, recital de poemas de Manuel María traducidos a outras linguas, lidos por profesorado e alumnado.

**6 DE OUTUBRO  
Celebración do nacemento  
de Manuel María**

Na Casa do Concello, conferencia sobre Manuel María por Darío Xohán Cabana.

**Dentro das festas do San Froilán,  
concerto d'A Quenlla na  
praza de Santa María**

*Ducias e ducias de poemas e Manuel María son cancións, moitas deles autenticamente populares hoxe. Entre todos os cantores e grupos que cantaron e cantan a Manuel María, quizabes é A Quenlla, con Mini e Mero, o máis representativo, e desde logo o que un maior número e diversidade de cancións ten so seu repertorio.*

**DATA AÍNDA SEN DETERMINAR**

Presentación no Concello da edición facsimilar de *Xistral* 1 e 2 polo Centro Ramón Piñeiro.



Concello de Lugo